



‘Coto do Barro’ gaña a VIII Copa Provincial de Portomarín

O pasado 10 de febreiro tiña lugar na localidade luguesa de Portomarín a oitava edición da Copa Provincial de caza de raposo, puntuable para a Copa Federación, que congregou este ano a case 1000 cazadores de toda Galicia, que repartidos en 20 tecores de toda a provincia, acadaron a cifra de 102 raposos capturados.

A proba discorreu entre as 9 da mañá e as 2 da tarde, hora á que conseguiron chegar 72 das 99 cuadrillas participantes, entre as cales se destacaron dúas que capturaron 4 pezas cada unha: ‘El Coyote’ de Lugo, e ‘Coto do Barro’ de Boimorto, sendo esta última a que resultaría finalmente gañadora por sorteo. En terceiro lugar quedaría a cuadrilla ‘Yonis’ de Lugo, que conseguiu cazar 3 raposos.

Clasificación final

Pos.	Cuadrilla	Raposos
1º	Coto do Barro (Boimorto)	4
2º	El Coyote (Lugo)	4
3º	Yonis (Lugo)	3
4º	Trazo A	3
5º	Xesteira	3



A cuadrilla ‘Coto do Barro’, vencedora da proba



Vista da praza de Portomarín, á chegada da proba

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com